



Dependencia Administrativa: Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Referencia: MIM

📁 101/2019/11 📄 10113I00QF

María Eugenia Vieito Blanco, concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de marzo do 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Contratación

111.- Instrución 1/2019 do Concello da Coruña relativa á tramitación electrónica do procedemento de contratación aberto simplificado abreviado

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente**, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

INSTRUCCIÓN 1/2019 DO CONCELLO DA CORUÑA RELATIVA Á TRAMITACION ELECTRÓNICA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), introduce novidades importantes.

A Instrución 1/2018 relativa ao contrato menor na Instrución segunda parágrafo 6 dispón: *“No caso de promover concorrencia na licitación, esta realizarase en todo caso mediante procedemento aberto simplificado abreviado sempre que sexa posible en atención á prestación obxecto do contrato”*.



Dependencia Administrativa: Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Referencia: MIM

📁 101/2019/11 📄 10113I00QF

De conformidade co artigo 124.4 g) e 126.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e Disposición Adicional segunda apartado 4 da LCSP, dítanse as seguintes instrucións:

PRIMEIRA.- ALCANCE DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO

Segundo o art. 159 e a DA 41^a da LCSP será de aplicación aos seguintes contratos:

- contratos de obras de valor estimado¹ inferior a 80.000 euros
- contratos de subministración e de servizos con valor estimado inferior a 35.000 euros, con excepción dos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual. Recoñécese a natureza de prestacións de carácter intelectual aos servizos de arquitectura, enxeñaría, consultoría e urbanismo.

SEGUNDA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA:

O expediente administrativo dos contratos regulados por procedemento aberto simplificado abreviado deberá conter os seguintes trámites:

1.- A contratación aberta simplificada abreviada tramitarase de forma descentralizada polos distintos Servizos, sen prexuízo dos trámites que corresponden ao Servizo de Contratación como encargado exclusivo das xestións de publicidade e apertura de ofertas na Plataforma de Contratos do Sector Público.

¹ O art. 101 da LCSP sinala que a todos os efectos da Lei o valor estimado é o importe total sen incluír o IVE, incluíndo calquera forma de opción eventual, prórrogas e a cantidade máxima que pode alcanzar .



Dependencia Administrativa: Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Referencia: MIM

📁 101/2019/11 📄 10113I00QF

2.- A tramitación realizarase exclusivamente a través do xestor de expedientes Opencertiac, agás os trámites relativos á Plataforma de Contratos do Sector Público que deberán descargarse e incorporarse ao xestor de expedientes para garantir o expediente administrativo electrónico.

3.- Os tramitadores deben cumprimentar todos os datos necesarios para a explotación da información a través dos campos suplementarios e estados (licitador/adxudicatario) dos interesados, figuren ou non como obrigatorios no xestor de expedientes.

4.- A tramitación do expediente requirirá:

- a) A creación de expediente de procedemento aberto simplificado abreviado en Opencertiac
- b) Xestión polo Servizo municipal responsable da licitación do expediente de contratación: proposta de inicio de expediente de contratación, PPT, PCAP, cadro de características, documentos contables, envío fiscalización, aprobación expediente de contratación.
- c) Campos suplementarios a cumprimentar.
- d) Relación co Servizo de Contratación para a publicidade da licitación na PCSP.
- e) Descifrado e apertura dos sobres das ofertas electrónicas polo Servizo de Contratación. Descarga de ofertas e incorporación da documentación polo Servizo de Contratación a Opencertiac
- f) Supervisión da documentación incorporada por parte do Servizo municipal responsable da licitación, requirimento de subsanación de documentación no seu caso, informe de valoración técnica, envío fiscalización, adxudicación pola concellería ou dirección de área que actúe como órgano de contratación segundo as delegacións efectuadas pola Xunta de Goberno Local, notificación electrónica á adxudicataria que



Dependencia Administrativa: Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo

Referencia: MIM

📁 101/2019/11 📄 10113I00QF

terá a consideración de formalización do contrato desde a recepción da mesma pola adxudicataria.

- g) Relación co Servizo de Contratación para a publicidade das ofertas, documentación relativa á valoración e adxudicación na PCSP, debendo remitir esta última na mesma data do seu envío á adxudicataria para a súa publicación inmediata aos efectos da disposición adicional décimo quinta da LCSP.

A Coruña, a data de sinatura electrónica do presente documento

O Oficial Maior, Miguel Iglesias Martínez

Conforme,

O Concelleiro delegado de Emprego e Economía Social, responsable do servizo de contratación, Alberto Lema Suárez (Decreto 2964/2017 do 28 de xuño –BOP nº 132 do 13/07/2017).

E para que conste, expido a presente certificación, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta, que asino na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.